

Ampliación Unidade 2.

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Lectura

A ambos os dous lados amontoábase baúis, caixas e algúns trastes retirados: unha mesa coxa, cadeiras escangalladas, unha gaiola aberta e baleira coma unha flor murcha... Todas aquelas cousas sen uso parecían tristes, coma se fosen seres rexeitados.

Carolina dirixiuse a unha das caixas e comezou a sacar libros que foi amoreando sobre a mesa, despois de quitarlle o po cun trapo. Tamén os libros estaban empoeirados a pesar de estaren gardados, e ela íaos repasando coidadosamente antes de darllos a Héctor.

—A ver se encontramos o dos soños... Xa non sei onde o metín, pero se ves algún que che interese, pódello coller.

Héctor nunca pensou que chegaría a sentir curiosidade por uns obxectos tan afastados dos seus gustos e costumes, mirados sempre con apreensión e cunha mestura indefinible de resignación e preguiza: os libros. Non obstante, aqueles vellos volumes, que exhalaban un murcho perfume de tempo e abandono e dos que as tapas deterioradas deixaban ver manchas de humidade, atraíano coma se fosen pezas dun estraño tesouro só para el.

Seleccionou uns cantos: *Mnemotecnia* (técnicas para mellorar a memoria); *Historia da piratería* por B. Handerson; *Viaxe ao centro da Terra*, *A illa misteriosa*, *Dous anos de vacacións*, todos eles de Xulio Verne. Chamábanlle a atención as fermosas láminas antigas que os ilustraban. Apartou tamén unha biblia ilustrada por Doré, retirada sen dúbida polo moi estragada que se encontraba por causa da humidade. Contemplou enfeitizado a lámina de Adán e Eva no paraíso; a de Xosé e os seus irmáns; a do paso do mar Vermello...

—Ben, ben —reprochou a súa curmá rindo—, non cres que estás collendo demasiados? Non sei se che vai dar tempo a lelos todos. Crin que non che gustaba ler.

—Non me gusta ler o que é obrigatorio. Pero isto é distinto. Ho, se todos puidésemos elixir o que queremos ler, coma cando elixes o menú nun restaurante... Isto si que sería... demasiado. Ler só o que nos interesa e o que necesitamos saber de verdade.

—Ben —atallouno Carolina—. Eu subo aquí e sívome «á carta» os libros que me gustan. Pero pódese facer o mesmo nas bibliotecas e nas librarías.



C. JIMÉNEZ DE CISNEROS

Ampliación Unidade 2.

| |
|--------------------------------------|
| Nome: _____ Curso: _____ Data: _____ |
|--------------------------------------|

Comprensión lectora

1. Contesta as seguintes preguntas.

- Quen son os protagonistas da historia?

- Que non lle gustaba a Héctor? Por que?

- Que libros colleu Héctor?

- Como estaban todos os libros?

2. Busca no dicionario as palabras seguintes e anota o seu significado.

empoeirados aprehensión resignación exhalaban enfeitizado

Ampliación Unidade 2.

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Coñecemento da lingua

1. Completa.

- As palabras _____ son aquelas a partires das cales se forman outras palabras novas.
- As palabras _____ son aquelas que se forman engadíndolle prefixos ou sufixos ao lexema.

2. Pon cinco exemplos de palabras primitivas e cinco de palabras derivadas.

- Que forman o conxunto de palabras primitivas e derivadas?

2. Cales das seguintes palabras son primitivas? E cales derivadas?

Submarino → _____ Percorrer → _____
Noite → _____ Flor → _____
Trigal → _____ Pan → _____
Librería → _____ Mesiña → _____

3. Completa o cadro seguinte coas palabras derivadas anteriores.

| Palabra derivada | Palabra primitiva | Prefixo | Sufixo |
|------------------|-------------------|---------|--------|
| | | | |

Ampliación Unidade 2.

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Expresión escrita

1. O protagonista da lectura inicial empeza a interesarse pola lectura. Escribe cinco argumentos que se che ocorran para defender a lectura.

2. Dos argumentos seguintes para defender a lectura, cales son obxectivos e cales subxectivos?

- Ler é moi útil para ampliar vocabulario. _____
- As persoas que len teñen moito mellor nivel ortográfico. _____
- A lectura axuda a mellorar a expresión escrita. _____
- A lectura axuda a mellorar o nivel cultural dos pobos. _____
- Ler axuda a pasar mellor as horas mortas. _____
- A lectura fai sentir a un, ben e acompañado. _____
- Leo porque me gusta. _____

3. Escolle un tema, e con argumentos, a favor e en contra, escribe un texto argumentativo.
